





Engracia, a mestra

Marisa Vidal Collazo

Engracia foi a miña mestra. Coñecina en *Mulleres Cristiás Galegas Exeria* a finais dos anos 90. Cando ao pouco tempo me veu enriba un dos momentos máis baixos da miña vida, rota por dentro, Engracia colleume da man. Buscou para min e os fillos unha casa luminosa na aba da Caeira, axudoume a instalarme e foime introducindo, xunto cun feixe de boas amigas, nunha forma de estar na Igrexa como muller, cristiá e galega. As dúas, man con man, xestionamos o proxecto *Encrucillada*. Ela íase retirando como secretaria, eu ía collendo a guía. Coa delicadeza e a firmeza de quen ensina a unha nena a andar foime levando no proceso de creación, número a número, da revista.

Non había nada que temer porque Engracia estaba aí, indicando, sostendo. Cando cumpriu 80 anos tiven a sorte, con Maite, Pilar e Elvira, de poder organizar a homenaxe que merecía. Nunha longa entrevista gravada, que deu pé a un libro¹ e unha festa, contounos a súa vida. Unha lección maxistral de resistencia e fidelidade a un proxecto que na transición collía forza: a Igrexa galega.

Encrucillada funcionou todos estes anos nos que estiven á fronte porque a nai, Engracia, seguía sostendo e animando, cada vez desde un pouco máis lonxe. Cando o pasado mes de febreiro lle demos o último adeus, descubrinme un pouco máis orfa, pero tamén souben que tocaba ir deixando a súa pegada en quen veña atrás, pasar o sinal para que Engracia siga viva na historia da Igrexa galega.

Marisa Vidal Collazo

1 *Engracia Vidal Estévez. Profecía de fe e galeguidade*, Elvira Santos Pena, Maite Pérez Vázquez, Pilar Wirtz Molezún, Marisa Vidal Collazo, Encrucillada, 2010.